

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **CURSO 2019/2020**

**CENTRO:** CPI. Dr. López Suárez - Friol

**MATERIA:** Música (2º ESO, 3º ESO, 4º ESO), TIC (4º ESO)

**DEPARTAMENTO:** MÚSICA

**DATA:**11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 6	CENTRO:CPI DR. LÓPEZ SUÁREZ FRIOL CURSO:2019-2020 MATERIA:MÚSICA - TIC
--	------------------	--

# PROGRAMACIÓN DE MÚSICA

## ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

#### 2º de ESO

Dado que na 3ª avaliación estanse repasando, reforzando e ampliando contidos da 1ª e 2ª avaliacións, os criterios de avaliación son os que figuran no punto 2.3.3 desta programación (Secuenciación e temporalización dos contidos e criterios de avaliación da materia de música 2º ESO), referidos ás unidades 1, 2, 3 e 4.

Os estándares de aprendizaxe recóllense no punto 2.3.4 desta programación (Estándares de aprendizaxe da materia de música para 2º ESO. Temporalización. Grao mínimo de consecución para superar a materia) nos bloques nos que se inclúen as unidades 1, 2, 3 e 4.

#### 3º de ESO

Os criterios de avaliación recóllense no punto 2.3.7 da programación (Secuenciación e temporalización dos contidos e criterios de avaliación da materia de música para 3º ESO), dentro das unidades 1, 2, 3 e 4, que son ás que corresponden á 1ª e 2ª avaliación.

Os estándares de aprendizaxe son os que figuran no punto 2.3.8 desta programación (Estándares de aprendizaxe da materia de música para 3º de ESO. Temporalización, Grao mínimo de consecución para superar a materia)

#### 4º de ESO

Os criterios de avaliación figuran no punto 2.3.11 da programación (secuenciación e tempotalización dos contidos e criterios de avaliación da materia de música 4º ESO) correspondentes ás unidades 1, 2, 3 e 4, que secuencialmente corresponden á 1ª e 2ª avaliación).

Os estándares de aprendizaxe recóllense no punto 2.3.12 desta programación (Estándares de aprendizaxe da materia de música para 4º ESO. Temporalización. Grao mínimo de consecución para superar a materia) nos bloques nos que se inclúen as unidades 1, 2, 3 e 4.

### AVALIACIÓN

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 6	CENTRO:CPI DR. LÓPEZ SUÁREZ FRIOL CURSO:2019-2020 MATERIA:MÚSICA - TIC
--	------------------	--

### Instrumentos de avaliación

- A observación da realización das tarefas encomendadas semanalmente
- O respecto e interese mostrados nas clases virtuais a través da plataforma Webex Meetings.
- A revisión e cualificación das tarefas semanais. Algunhas destas tarefas pódense deseñar, tanto na plataforma EVA como na aula virtual do Centro, para ser avaliadas por medio de rúbricas.
- Cuestionarios e probas a través da plataforma EVA en 2º de ESO e a través da aula virtual en 3º e 4º de ESO.

### Procedementos:

Realización das tarefas	40%
Probas online EVA e aula virtual	40%
Actitude e interese nas clases virtuais	10%
Participación nos foros das plataformas	10%

### Cualificación final

A cualificación final será a nota media da 1ª e 2ª avaliación. Esta nota en ningún caso pode ser diminuída polos resultados obtidos na 3ª avaliación, pero pode ser incrementada proporcionalmente ata 2 puntos, segundo o seguinte cadro:

RESULTADO DA 3ª AVALIACIÓN	INCREMENTO DA NOTA MEDIA 1ª E 2ª AVALIACIÓNS
Suspenso	0 puntos
Aprobado e ben	1 punto
Notable	1,5 puntos
Sobresaínte	2 puntos

### Proba extraordinario de setembro

Non hai alumnado coa 1ª ou 2ª avaliación suspensas, polo que non haberá proba extraordinaria de setembro na materia de Música.

## Alumando de materia pendiente

Non hai alumnado coa materia pendiente.

## METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

### Actividades

Nesta 3ª avaliación estamos realizando actividades de repaso que corresponden ós contidos do da 1ª e 2ª avaliacións, así como actividades de ampliación de ditos contidos.

### Metodoloxía

Dado que neste momento tódolos alumnos dispoñen de conectividade, ben a través de ordenador, tablet ou teléfono móbil (o Centro e o Concello de Friol trataron de socorrer o alumnado con problemas de conexión), temos semanalmente unha hora de clase por videoconferencia a través da plataforma Cisco Webex Meetings, na que se repasan as actividades propostas para realizar nesa semana (aparte da corrección individual que xa se fixera a cada alumno/a) e se explican as propostas para a seguinte semana. Para as actividades e titoriais corespondentes, utilizamos a plataforma EVA en 2º de ESO e a aula virtual do centro para o alumnado de 3º e 4º de ESO, onde o alumnado debe realizar e subir as tarefas propostas no tempo establecido para que poidan ser correxidas. Durante a avaliación haberá algunha proba online a través do EVA ou da aula virtual para avaliar os conceptos traballados nas actividades.

Se algún alumno/a o precisase, tamén se lle poderían facer chegar as tarefas por correo electrónico, móbil ou mesmo impresas.

No caso de dúbidas sobre as tarefas o alumnado dispón de foros de dúbidas e dun correo electrónico onde se lle atenderá debidamente.

Se as tarefas a subir á plataforma ocupan máis de 1MB (a capacidade máxima que a plataforma permite por arquivo), o alumnado tamén pode utilizar Google Drive ou o correo electrónico.

### PUBLICIDADE

As actividades e a forma en que o alumnado as debe realizar están na aula virtual do Centro e tamén están informadas na páxina web do Centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 4 DE 6	CENTRO:CPI DR. LÓPEZ SUÁREZ FRIOL CURSO:2019-2020 MATERIA:MÚSICA - TIC
--	------------------	--

# PROGRAMACIÓN TIC 4º DE ESO

## ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2019-20 CORRESPONDENTE Á 3ª AVALIACIÓN.

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

Para os estándares de aprendizaxe, competencias imprescindibles e concreción dos contidos mínimos aplicamos o punto 3 da presente programación (criterios de avaliación e concreción dos contidos mínimos), o punto 5 (instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe) e o punto 17 (procedementos e sistemática de control, seguimento e avaliación do grao de consecución das competencias clave e obxectivos da etapa por parte do alumnado), pero só referido ós bloques ou parte dos bloque de contidos e obxectivos (punto 4 da programación) dos que a temporización corresponde á primeira e segunda avaliación ou todo o curso, non nos que a temporización se refire á terceira avaliación.

### AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

#### Instrumentos de avaliación

- A observación da realización das tarefas encomendadas semanalmente
- O respecto e interese mostrados nas clases virtuais a través da plataforma Webex Meetings.
- A revisión e cualificación das tarefas semanais. Algunhas destas tarefas pódense deseñar, na aula virtual do Centro, para ser avaliadas por medio de rúbricas.
- Cuestionarios e probas a través da plataforma través da aula virtual.

#### Procedementos:

Realización das tarefas	40%
Probas online na aula virtual	40%
Actitude e interese nas clases virtuais	10%
Participación nos foros da plataformas	10%

#### Cualificación final

A cualificación final será a nota media da 1ª e 2ª avaliación. Esta nota en ningún caso pode ser diminuída polos resultados obtidos na 3ª avaliación, pero pode ser incrementada proporcionalmente ata 2 puntos, segundo o seguinte cadro:

RESULTADO DA 3ª AVALIACIÓN	INCREMENTO DA NOTA MEDIA 1ª E 2ª AVALIACIÓN
Suspense	0 puntos
Aprobado e ben	1 punto
Notable	1,5 puntos
Sobresaínte	2 puntos

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 5 DE 6	CENTRO:CPI DR. LÓPEZ SUÁREZ FRIOL CURSO:2019-2020 MATERIA:MÚSICA - TIC
--	------------------	--

## Proba extraordinaria de setembro

Non hai ningún alumno/a coa 1ª ou 2ª avaliación suspensa, polo que na materia TIC non terán ningunha proba extraordinaria en setembro.

## Alumnado de materia pendente

Non hai alumnado coa materia TIC pendente.

## METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

### Actividades

Nesta 3ª avaliación estamos realizando actividades de repaso que corresponden ós contidos do punto 4 da programación, referidos á 1ª e 2ª avaliacións, así como actividades de ampliación que corresponden ós contidos do punto 4 da programación secuenciados ó longo do curso.

### Metodoloxía

Dado que en 4º de ESO tódolos alumnos dispoñen de conectividade, ben a través de ordenador, tablet ou teléfono móbil, temos semanalmente unha hora de clase por videoconferencia a través da plataforma Cisco Webex Meetings, na que se repasan as actividades propostas para realizar nesa semana (aparte da corrección individual que xa se fixera a cada alumno/a) e se explican as propostas para a seguinte semana. Para as actividades e tutoriais correspondentes, utilizamos a aula virtual do centro, onde o alumnado debe realizar e subir as tarefas propostas no tempo establecido para que poidan ser corrixidas. Durante a avaliación haberá algunha proba online a través da aula virtual para avaliar os conceptos traballados nas actividades.

No caso de dúbidas sobre as tarefas o alumnado dispón de foros de dúbidas na aula virtual e dun correo electrónico onde se lle atenderá debidamente.

Se as tarefas a subir á plataforma ocupan máis de 1MB (a capacidade máxima que a plataforma permite por arquivo), o alumnado tamén utiliza Google Drive ou o correo electrónico.

## PUBLICIDADE

As actividades e a forma en que o alumnado as debe realizar están na aula virtual do Centro e tamén están informadas na páxina web do Centro.

11 de maio de 2020

Nemesio Gutiérrez González

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 6 DE 6	CENTRO:CPI DR. LÓPEZ SUÁREZ FRIOL CURSO:2019-2020 MATERIA:MÚSICA - TIC
--	------------------	--